**ACTA Reunión Plenaria Mesas e Grupos de Traballo**
Centro Ágora , 16 de xaneiro de 2017. Inicio: 10.00 h. Fin: 14.30 h.

Sendo as 10.00 horas do día 16 de xaneiro de 2017, no Centro Ágora reúnese en sesión de traballo o pleno das Mesas e Grupos de Traballo do proceso de construción metropolitana da Área Urbana da Coruña, asistindo á mesma representantes dos concellos de:

- A Coruña
- Abegondo
- Bergondo
- Cambre
- Culleredo
- Oleiros
- Sada

E representantes das entidades:

- Consorcio das Mariñas
- EMALCSA
- EDAR BENS

**En dita reunión desenvólvese o seguinte ORDE DO DÍA:**

1. Presentación do Proceso de construción metropolitana: reunións de Mesas de Alcaldes, Declaración Institucional de María Pita, reunións de Mesas de traballo e Grupos, Asistencias Técnicas en marcha e previstas para 2017. Metodoloxía de traballo da xornada.

   Metodoloxía de traballo da xornada:
   1. Explicación do documento "Diagnóstico e Estratexia Metropolitana"
      - ORIXEN: DUSI Metropolitana. Cambio de rumbo: Mesa Alcaldes 17/10/2016.
   2. Traballo en Mesas e Grupos
      - Consideracións sobre aspectos xerais (2/3 aspectos a considerar)
      - Consideracións sobre aspectos vinculados aos ámbitos temáticos de cada Mesa/Grupo de Traballo (2/3 aspectos a considerar).
      - Propostas relativas á reformulación dos ámbitos temáticos das Mesas/Grupos e eventual creación dalgunha nova Mesa.
   3. Plenario
      - Cada coordinador/a de Mesa/Grupo presenta (de forma PRIORIZADA)
        - 2/3 consideracións sobre aspectos xerais.
        - 2/3 consideracións sobre aspectos temáticos.
        - Propostas sobre ámbitos funcionais e/ou creación/supresión de Mesas.

**Reunión Mesas/Grupo de Traballo Área Metropolitana. 16/01/2017.**

Documentación necesaria:

- Acta Reunión 21/04/2016.
- Documentación Mesas Alcaldes (borradores de Actas de 17/10/2016 e 20/12/2016).
- Declaración Institucional de María Pita (20/10/2016).

## 1. Explicación Proceso

- Mesas Alcaldes (2015 e 2016)
- 17/10/2016. Mesas Alcaldes: Declaración Institucional do 20/10/2016.

1. **Diagnóstico e Estratexia Metropolitana (versión 1) (decembro 2016)**

Esta primeira versión será complementada a través de aportacións e achegas:

- Alcaldes
- Equipos técnicos municipais
- Mesas/Grupos de Traballo
- Cidadanía: ──▶ WEB

↓

Diagnóstico e Estratexia Metropolitana (versión 2) (marzo 2017)

Posteriormente, plantexarase solicitar mais aportacións e achegas de tipo sectorial:

- (Costas, Carreteras, Renfe-Adif, Augas de Galicia, Portos, Aena, Diputación Provincial, etc).

↓

Diagnóstico e Estratexia Metropolitana (versión 3) (xuño 2017)

2. **Asistencias 2017:**
   - Instrumento de aproximación a un estudo de planificación e gobernanza territorial da AMC (documento de avance cara ao establecemento dun plan territorial integrado).
   - Asistencia técnica de apoio á coordinación xeral do proceso de conformación da estratexia metropolitana do área urbana da Coruña.
   - Equipo de traballo da UdC.
   - Plan Metropolitano de Transporte e PMUS da Coruña.

3. **Contrato equipo traballo UdC**

- Alcalde dos traballos:
  - Doc. 1: Aproximación aos contidos e tramitación do expediente administrativo requirido para elevar ao Pleno da Corporación un acordo respecto ao art. 122 da Lei de Administración Local de Galicia.
  - Doc. 2: Estado da cuestión metropolitana en Galicia no Estado e aproximacións: Cataluña, Euskadi, Andalucía.
    - Análise de competencias (Lei 27/2013 → Lei 5/2014).
    - Xeración de instrumentos de gobernanza metropolitana.
    - Establecemento de criterios para un marco básico de financiamento do instrumento metropolitano.
  - Doc. 3: Anteproxecto de texto articulado para unha Lei da AMC.
- Equipo:
  - Carlos Amoedo Souto
  - Santiago Roura Gómez
  - Victoria de Dios Viéitez
  - Marta García Pérez. Directora da Asesoría Xurídica Concello da Coruña
  - Manuel Díaz Sánchez. Secretario Xeral do Pleno do Concello da Coruña

2. Traballo en Mesas e Grupos. Como concusións do proceso seguido os coordinadores e coordinadoras das Mesas de Traballo formularán as seguintes

ACHEGAS:

| | | CONSIDERACIÓNS XERAIS | CONSIDERACIÓNS TEMÁTICAS | REFORMULACIÓN E/OU NOVAS MESAS |
|---|---|---|---|---|
| MESA 1 | RECUPERACIÓN AMBIENTAL E DA BIODIVERSIDADE DA RÍA DO BURGO E BACÍA DO RÍO MERO | Falla de actualización de datos dende os Concellos: patrimonio cultural, saneamento e patrimonio natural. | • Redirixir Mesa a aspectos máis xerais: "Mesa da biodiversidade e de protección da natureza", con tres grupos de traballo:<br>a) Recuperación ambiental. Ría do Burgo.<br>b) Erradicación de especies invasoras<br>c) Conectividade literal e espacios protexidos.<br>• Control de verquidos (reflexionar sobre cómo abordar o tema de saneamento entre este Mesa e a de Auga). | Turismo, Economía e Emprego. |
| MESA 2 | COORDINACIÓN PLANEAMENTO URBANÍSTICO | Necesidade de planificación metropolitana e posible "cesión" de "competencias" municipais en materia de desenvolvemento urbanístico.<br>Carencia do documento: non hai estudo sobre consumo en grandes superficies e do comercio de proximidade. | • Reflexionar sobre cómo se filtran propostas en ámbito técnico-político previo á Mesa de Alcaldes. | Máis partidarios de concentrar en menos Mesas que en ampliar o número delas. |
| MESA 3 | TRANSPORTE E MOBILIDADE | • Completar malla viaria prevista:<br>‣ Vial 18<br>‣ Vial 11<br>‣ Vial 17<br>‣ Vía Ártabra<br>‣ Enlace AP9-Aeroporto | • Modelo actual esgotado sobre parámetro anterior.<br>• Esixir participación activa en elaboración PPT Concesións.<br>• Participación en Plan Metropolitano de Transporte. | Integración en Mesa de Ordenación do Territorio |

3

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | • Ferroviario:<br>‣ Consolidar Ferrol-A Coruña-Arteixo (con viaxeiros e mercancías)<br><br>• Rede de Transporte<br>‣ Prioritario realizar estudo de demanda real e potencial futura para definir o Mapa Metropolitano de Transporte Público. | | |
| **MESA 4** | **XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS** | • Qué Residuos teñen a consideración de liña estratéxica máis potente. (Non aparece coa forza suficiente) (Non parece que sexa prioritario no documento).<br>• Incluir seguimento: indicadores e cumprimento de obxectivos. | • Punto 3.3.5.<br>‣ Necesidade de articular obxectivos e coordinar cos que están definidos dende abril de 2016.<br>‣ Introducíronse accións como obxectivos estratéxicos que non son tal.<br>• Elaborarán un documento con cuestións menores.<br>• Introducir unha perspectiva máis completa respecto da recollida de lixo. | Non ven necesidade de creación de novos temas concretos e específicos. |
| **MESA 5** | **CICLO INTEGRAL DA AUGA** | • Adecuar máis o diagnóstico á realidade que está no Plan Estratéxico.<br>• Máis interconexión entre as Mesas. | • Garantía e calidade de subministro da auga:<br>1. Protoclo común de "alertas".<br>2. Sistema de abastecemento de Meirama:<br>‣ Control da zona<br>‣ Finalización da infraestrutura<br>3. Continuar co Plan Director<br>• Saneamento e Deputación<br>‣ Ordenanza única<br>‣ Elaborar un plan director de saneamento e depuración. | Coordinar con Mesa da Ría do Burgo e Bacía do Río Mero. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **GRUPO** | **ESTRATEXIA DUSI** | • Valoración positiva do documento.<br>• Valoración positiva do estudo integrado dun territorio que se entende como global.<br>• Ten carencias en propostas si as poñemos en relación co detallado da diagnose. | • Permanencia da Mesa para 3ª convocatoria Estratexias DUSI.<br>• A Mesa pode ter un contido de aportar experiencia de proxectos europeos (foro de compartir experiencias). | • Mesa de carácter social (Servizos Sociais e Emprego).<br>• ¿Mesa de enerxía? (manifestan dúbidas respecto disto). |

Como resumen final, farase mención aos

ACORDOS ADOPTADOS:

1. Engadir as presentes achegas ás que se formulen no proceso anteriormente descrito.
2. Lembrar que se poden remitir achegas por mail ao longo do prazo establecido pola Mesa de Alcaldes.



Non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás 14.30 h, levántase a reunión.

A Coruña, 15 de febreiro de 2017

Asdo. José Manuel Peña Penabad